



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: X Xornadas nacionais de defensa da competencia: libre competencia, boa regulación e unidade de mercado en beneficio das persoas consumidoras

CONVOCATORIA: X Xornadas nacionais de defensa da competencia

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	13
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2017
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 08/11/2017 - 08:00h ao 17/11/2017 - 23:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRIPCIÓN CURSO

As X Xornadas nacionais de defensa da competencia, baixo o título Libre competencia, boa regulación e unidade de mercado en beneficio dos consumidores, teñen como obxectivo básico analizar, desde a perspectiva das autoridades de competencia e das persoas consumidoras, as cuestións máis actuais que suscita a aplicación da normativa española e da Unión Europea no ámbito da defensa e promoción da competencia nos mercados, a importancia de fomentar as mellores prácticas regulatorias e a incidencia da recente Sentenza do Tribunal Constitucional núm. 79/2017, do 22 de xuño, na aplicación da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e de xustiza, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma, das universidades do Sistema universitario de Galicia, profesionais e persoas interesadas en xeral.

PROGRAMA

Nestas xornadas trataranse, entre outros, os seguintes temas:

- Innovación disruptiva, macrodatos e algoritmos: desafíos para a competencia e a regulación.
- A revisión xurisdicional das resolucións das autoridades de competencia.
- Regulación versus competencia; quen se preocupa das persoas consumidoras?
- Un novo dereito para a economía colaborativa.
- A Lei de garantía de unidade de mercado tras a sentenza do Tribunal Constitucional.
- O dereito da competencia fronte aos novos monopolios dixitais.
- Plataformas dixitais: vantaxes e inconvenientes dos requisitos de neutralidade.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 23/11/2017 a 24/11/2017

NUM. PRAZAS: 140

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Salón de graos da Facultade de Dereito. Campus Vida; avda. Dr. Ángel Echeverri, s/n. Santiago de Compostela.